


Educar en Feminino. María Victoria Moreno e Nosoutras: Ensino e literatura: Un camiño de ida e volta

Agrelo-Costas, E. y Ferreira, C. (Coord.) (2020). *Educar en Feminino. María Victoria Ferreira e Nosoutras: Ensino e literatura: Un camiño de ida e volta*. Hércules de Ediciones / Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela. Ilustración de Carmen Franco-Vázquez: Santiago de Compostela. Col. Bibliodidáctica, nº 3 224 pp. ISBN: 978-84-122537-6-4

Lucía González-Castro
Universidade de Santiago de Compostela
<https://orcid.org/0000-0001-8968-4303>



Atender ás necesidades do alumnado construíndo e explorando por medio da creatividade é a fórmula para instruír na igualdade de xénero nas aulas. As ferramentas que existen hoxe para abordala son inmensas e precisamos ser conscientes da súa utilidade. A literatura e as artes permiten esa viaxe de busca, de mergullarse en novos territorios descoñecidos para aprender e reflexionar, algo de vital importancia para as máis pequenas e pequenos. Isto é precisamente o que nos amosan as liñas de *Educar en Feminino. María Victoria Moreno e Nosoutras: Ensino e literatura: Un camiño de ida e volta*, unha viaxe que se detén a albiscar xanelas a través das cales é posible a aprendizaxe.

Este volume publicado pola editorial Hércules corresponde ao número 3 da colección “Bibliodidáctica”, e foi coordinado por Eulalia Agrelo-Costas e Carmen Ferreira, figuras cunha prolongada traxectoria tanto na área investigadora coma na docente; Eulalia Agrelo-Costas como profesora axudante doutora da área de Didáctica da lingua e literatura, e Carmen Ferreira como profesora interina no mesmo eido.

Educar en feminino: María Victoria e Nosoutras pretende achegar innovacións literarias e artísticas mediante dezaseis traballos de autoras femininas coa fin de atopar un punto en común entre a literatura Infantil e Xuvenil, –ou LIX–, e as artes como vía para a educación e a coeducación na contorna galega desde unha perspectiva de xénero, empregando innovadoras propostas didácticas polas que discorre o legado da homenaxeada no Día das Letras Galegas (2018) María Victoria Moreno e as mulleres “Nosoutras”.

O monográfico iníciase cunha introdución de Blanca-Ana Roig Rechou na que se expoñen de forma clara e rigorosa os obxectivos do presente volume, así como a súa importancia na didáctica do panorama galego. Remárcase a influencia da figura de María Victoria Moreno na LIX galega e as súas achegas e propostas educativas. Seguidamente, explícase de forma sintética a estrutura do monográfico e enuméranse as autoras que participaron en cada bloque, proporcionando unha descrición do seu recorrido como investigadoras, dos principais campos de estudo nos que participan, ademais de ofrecer unha breve descrición dos contidos de cada un dos artigos que presenta. O volume está composto por dous bloques que en total conteñen unha serie de dezaseis achegas de autoría feminina, entre os cales se insiren as referencias bibliográficas de cada temática. No apartado final inclúense unha serie de recensións de catro volumes, e a derradeira páxina exhibe o índice coa paxinación pertinente. O primeiro bloque “María Victoria Moreno: ensino e literatura” de carácter máis contextual, contén tres dos estudos que xiran arredor do traballo educativo e literario de María Victoria e as autoras “Nosoutras” nos que se salienta a importancia das súas aportacións para a renovación do sistema educativo galego e consolidación dunha literatura infantil e xuvenil. O segundo bloque “Educación literaria e artística”, cunha extensión máis longa e cun carácter máis analítico, acumula sete dos traballos nos que se propoñen diferentes aplicacións didácticas por medio de variados recursos literarios e artísticos nos que se mantén o punto de mira nas achegas e traballos de mulleres galegas.

O traballo inicial do primeiro bloque “Nosoutras pioneiras da literatura infantil” realizado por Elalia Agrelo-Costas explora o afán revisionista no eido da LIX de cinco escritoras galegas que teñen unha marcada influencia feminista: Palmira G. Boullosa, Helena Villar Janeiro, Ana M^a Fernández e Úrsula Heinze e María Victoria Moreno, con especial demento na última, achegas da cal, non só deixaron unha pegada no sistema educativo infantil e xuvenil galego, senón que conseguiron sentar as bases para as seguintes xeracións de escritoras. O estudo proporciona unha contextualización da orixe de “Nosoutras” presentando o texto “Nosoutras” da propia María Victoria Moreno como base. Este estudo amosa a actividade destas cinco mulleres tralo decreto de 1975 que autorizou o uso do galego no ensino; o seu labor didáctico na procura da actualización do galego, e a súa preocupación pola creación dunha nova literatura infantil e xuvenil. Resáltase o seu compromiso como axentes na creación LIX, e o seu labor na revalorización da cultura galega facendo un repaso das publicacións, premios de escritura, e traducións de merecido eloxio das escritoras “Nosoutras”, e comentando tamén, de forma moi pormenorizada, as traxectorias de cada unha delas. Sen embargo, Agrelo-Costas especifica moi pertinentemente, que pese ás innovacións literarias propostas por este grupo de mulleres, as súas producións seguiron a atoparse nunha esfera literaria periférica.

Continuando co foco nas mulleres “Nosoutras” chegamos ata o seguinte estudo de Carmen Franco-Vázquez “Algunhas consideracións sobre as imaxes na obra de María Victoria Moreno e “Nosoutras”” na que se analizan algunhas das imaxes das coleccións máis importantes

destas cinco autoras, o que serve para poñer de manifesto os beneficios dunha educación literario-artística,– tamén reivindicada por Gloria Durban–, e a imprescindible consideración da LIX no sistema literario, así coma nas administracións públicas. Deste xeito, coméntanse os cambios no deseño editorial das coleccións galegas “Árbore” (Editorial Galaxia),–da que a propia María Victoria Moreno foi integrante do equipo de dirección, e “Merlín” (Edición Xerais), as dúas xurdidas tralo Real Decreto de 1979. Dúas coleccións de considerable relevancia nas que se publicaron obras dunha gran nómina de salientables autoras galegas. Cómpre recalcar, tal e como Franco-Vázquez salienta, que as autoras “Nosoutras” procuraron favorecer unha imaxe desesterotipada das súas personaxes femininas nas súas achegas literarias, un aspecto a sinalar deste grupo de pioneiras galegas.

Seguidamente Marta Neira-Rodríguez aborda o modelo educativo de María Victoria Moreno como docente clave para o polisistema cultural galego, exposición que fai sentido en relación aos estudos tratados no segundo bloque deste presente volume. Este traballo ofrece un repaso cronolóxico da vida de María Victoria Moreno e o seu desempeño profesional tan fundamentado na metodoloxía filolóxica. Resulta reivindicativo rexeitar os modelos educativos tradicionais para defender un ensino con base literaria tal e como o fixo María Victoria Moreno, achegando traballos nos que se poñen de relevo as súas ideas educativas. Neste estudo coméntanse algunhas de especial interese para a docencia no centro escolar como: *Alcores de Donalvar* (1969), *Mar Adiante: Historias de nenos pra nenos* (1973), *Leonardo e os fontaneiros* (1986), *Anagnórise* (1988), entre outras. Tamén se fai referencia ás súas obras didácticas, ensaísticas e divulgativas que destacan pola súa coautoría tanto en *Literatura do século XX. Iniciación Universitaria* como en *Literatura 3 BUP* (1987), así como polas súas monografías *As linguas de España* e *Verso e prosa* (1991), facendo mención, tamén, ao libro *Diario da luz e da sombra* (2004). O labor de educativo e literario de María Victoria Moreno na contorna galega é innegable: unha muller que renovou o sistema literario e se comprometeu coa cultura galega pese as adversidades duns tempos históricos pouco favorables.

Xa no bloque de “Educación literaria e artística”, o primeiro traballo por Mar Fernández-Vázquez ““Nosoutras” e o Premio Lazarillo” comeza poñendo no punto de mira a diferenza existente no recoñecemento entre a escrita literaria feminina e a masculina. Pese á desfavorecida situación, sinálanse as sete autoras galegas que destacan na LIX actual e que ademais foron merecedoras do Premio Lazarillo. Deste xeito, analízanse a importancia dos microespazos (privados) e microespazos exteriores (públicos) para a acción, –tal e como sinala José Miguel G. Cortés–, e coméntase un aspecto fundamental como é o peso do rol que xogan as personaxes femininas dentro da trama, ambos os dous elementos presentes nas obras premiadas das autoras “Nosoutras”. Seguidamente, faise fincapé no diálogo intertextual que se pon de manifesto nas devanditas obras que, segundo explica Mar Fernández-Vázquez, amosan a relación entre manifestacións literarias máis tradicionais e as propostas de carácter renovador.

A continuación atópase o artigo “O rol da muller desde a narrativa oral ás reescrituras. Unha proposta de constelación de Literatura Infantil e Xuvenil galega para a coeducación” por Carmen Ferreira. Este estudo de carácter analítico, –segundo especifica Carmen Ferreira–, responde a un nivel textual narrativo que ofrece unha revisión das principais personaxes femininas dos contos maravillosos en galego de tradición oral, así como dos estereotipos latentes nelas, propostas que resultan de vital importancia para unha coeducación libre de ideoloxías patriarcais. Tamén se comentan os diferentes cambios ou reescrituras galegas no eido da LIX que sufriron estas personaxes para favorecer a coeducación e fomentar a deconstrucción de estereotipos sexistas para, así, promover a igualdade. Neste punto, reivindícase un aspecto de suma consideración: a necesidade de personaxes empoderantes que poidan servir como referente para as máis cativas, e propónse unha constelación literaria moi interesante do conto de “Carapuchiña Vermella” a modo de instrumento para unha didáctica nas aulas de primaria mediante diferentes actividades analíticas, de carácter reflexivo e artístico.

Seguimos afondando na tradición oral cun traballo na mesma liña có anterior “Mulleres, espazos e memoria” escrito por Estella Freire Pérez e Candela Rajal Alonso no que se aborda a memoria colectiva vencellada ó contexto e á identidade; unha temática moi interesante na que se subliña a importancia da interpretación da contorna galega desde unha óptica crítica. A historia e a memoria oral son fundamentais para a cultura dun territorio, por isto, se alude ó papel secundario das mulleres dentro do sistema da memoria colectiva. Este traballo salienta a necesidade de retornar a voz as mulleres para que a reconstrución completa da memoria sexa posible, e propónse unha actividade de carácter pedagógico que non só implica a reflexión do alumnado, senón unha utilización das artes para a súa expresión individual na que se fomentan as súas capacidades creativas mediante a elaboración de “mapas da memoria”, ou cartografías.

Con Rocío G-Pedreira e a súa “Constelación filimico-literaria a partir das heroínas mozas do cine de animación de Studio Ghibli” seguimos navegando ata atopar o séptimo traballo proposto neste volume, no que se expón unha innovadora estratexia didáctica cun firme propósito de desarticular arquetipos machistas e permitir unha reflexión de carácter intertextual. Deste xeito, fórmulase unha constelación,– ou agrupación de películas–, con heroínas mozas no cine de animación como ferramenta coeducativa, deténdose a comentar algunhas das creacións de Hayao Miyazaki de Studio Ghibli como é o caso da gañadora do premio Óscar a mellor película de animación no 2018 *El Viaje de Chihiro*. A selección das obras para a elaboración desta constelación tan completa responde a unha serie de criterios ben sintetizados que se distribúen en tres grupos: un dedicado ás producións de Studio Ghibli, outro aos hipertextos fílmicos, e outro a aquelas películas con guión máis orixinal. Non cabe dúbida de que esta proposta coeducativa pretende acercarse ó alumnado contemporáneo instruíndoo por medio da ficción na área do entretemento para proporcionarlles ferramentas que serán útiles para un axeitado desenrolamento na igualdade.

Posteriormente atópase a achega de “Sentir e crear. Aproximacións aos universos persoais a través dos (autor)retratos” no que Amaya González Reyes realiza unha aproximación da creación artística de varias mulleres artistas contemporáneas mediante un exercicio de memoria que bebe da experiencia persoal, o que xustifica o uso da primeira persoa do singular neste oitavo traballo. As artistas “compañeiras” ou “amigas” ás que se refire González Reyes son: María Tejide, Antía Sánchez Alonso, Mónica Ortúzar e Marta Bernardes, todas elas artistas con raíces galegas agás Marta Bernardes,– con nacionalidade portuguesa. O artigo inclúe fotografías a modo de figuras, que resultan moi acertadas para a comprensión do seu traballo artístico no eido do autorretrato.

Adentrámonos agora no mundo das biografías ficcionalizadas de personaxes femininas na LIX con “Lecturas coeducativas nas aulas: a biografía ficcional como visualización de referentes femininas” por Isabel Mociño-González, no que tomando como base a fundamental figura de María Victoria Moreno e ó seu papel precursor no eido literario-docente, propónse a utilización das referentes históricas femininas como proposta coeducativa na liña de *Informes de literatura* (2016); un achegamento abertamente comprometido coa loita feminista e con aqueles colectivos en prol dos dereitos humanos. A imperativa necesidade de referentes femininos, xa foi abordada anteriormente noutros traballos do presente volume en relación as personaxes ficcionais, un aspecto fundamental que é necesario remarcar, pois é obrigado que ás nenas se lle proporcionen modelos nos que poidan verse reflectidas.

Chegando ao derradeiro estudo que compón este monográfico Kenya Pined invítanos a afondar no cómic galego da man das mulleres BDG ou “Mulleres da Banda Deseñada Galega” no que se exhibe unha aproximación persoalizada á situación periférica das mulleres galegas na industria do cómic por medio da primeira persoa do plural. Ofrécese unha listaxe específica das autoras da banda deseñada tanto na escrita como na parte artística, tamén se fai referencia ás tradutoras da BDG, facendo fincapé, ao mesmo tempo, na necesidade de impulsar este campo artístico. É relevante ademais, para o tema que nos ocupa, a exposición dos datos acerca do número de publicacións femininas recollidos no informe *La Industria de la Historieta en España en 2018*, así como as diferenzas existentes entre a participación feminina e masculina nas publicacións colectivas recollidos na *BD:Radiografía 2010*. O estudo remata cunha indispensable mención á labor de ata vinte cinco mulleres pertencentes á BDG co fin de outorgarlles a xusta difusión que merecen.

O broche final deste monográfico pónenllo unha serie de catro recensións críticas elaboradas por Laura Camaño Pérez, Paula Portela Cabana, Alba Rozas Arceo e Raquel Senra Fernández publicadas nos últimos anos do presente século XXI e que xiran arredor da perspectiva de xénero na educación e na literatura infantil e xuvenil con especial interese na contorna galega.

A necesidade de novas ferramentas que procuren a creación de sociedades máis xustas e respectuosas é innegable, é por isto, que o labor educativo e coeducativo ten que comezar nos estadios máis temperás. As propostas aquí descritas, ademais de innovadoras e actuais, procuran ferramentas para a deconstrución dos roles de xénero e educación en valores que fomenten a igualdade, amosando unha extensa achega de referentes femininos que tratan de favorecer amplamente a coeducación por medio das artes. *Educación en feminino: María Victoria Moreno e Nosoutras. Ensino e literatura: Un camiño de ida e volta* convidanos a aprender dunha forma diferente e reformadora mediante un compendio de propostas, aproximacións e actividades moi apropiadas para encamiñar as novas xeracións de nenas e nenos deste século XXI cara unha educación con perspectiva de xénero.